

As cantigas de escarnio e maldicir orixínanse da confluencia entre unha lírica autóctona anterior e a influencia do **sirventés provenzal**. O sirventés provenzal era unha composición satírica que partía da melodía dunha canción preexistente e nas que se censuraban a persoas, criticaban os malos costumes, a política etc., pero a diferenza fundamental entre o xénero satírico provenzal e o galego-portugués é que, mentres aquelas teñen unha finalidade moral e social (de denuncia), as galego-portuguesas teñen como obxectivo principal o divertimento e a burla. Nas cantigas de escarnio e maldicir reflíctese a época, os sucesos e os costumes máis escandalosos polo que son unha especie de imaxe distorsionada da sociedade medieval.

A Arte de trobar establece unha **diferenza** entre as cantigas de **escarnio**, que usan como recurso literario a **equivocatio** (uso de palabras con dobre sentido), e as cantigas de **maldicir**, en cambio, empregan palabras directas (termos abertamente obscenos en moitos casos).

As cantigas de escarnio e maldicir **caracterízanse** por usar a crudeza, a obscenidade e mesmo a sordidez, e desde unha moral cristiá, ás veces mesmo o sacrilexio e a blasfemia, cunha linguaxe de gran expresividade, popular e realista, polo que teñen un vocabulario máis rico e variado que as cantigas amorosas. Formalmente poden ser tanto de refrán como de mestría. Empregan comunmente a **ironía** (afirmar o contrario do que se pensa), a **equivocatio** (xogar co dobre sentido das palabras), e a **parodia** (imitación irónica ou burlesca de personaxes, condutas ou textos literarios preexistentes), a **hipérbole** e a **metáfora**.

Podemos **clasificar** as temáticas características deste xénero en:

- **Sátira sexual:** poemas referidos aos órganos sexuais, ás prácticas sexuais de xogares e soldadeiras, aos cabaleiros cornudos, etc.
- **Sátira moral e relixiosa:** é a máis próxima ao sirventés, de carácter máis serio (sobre: o triunfo da mentira, a desaparición de antigas virtudes, a corrupción, o abuso dos poderosos, etc.)
- **Sátira social:** burlas de vicios, costumes, defectos físicos e contra determinadas clases nobres (críticase a avareza dos infanzóns e dos ricos-homes). Moitas veces estas críticas van dirixidas contra individuos concretos como representantes ou prototipos dun grupo ou clase social determinada.
- **Sátira literaria:**
 - Parodia doutro tipo de cantigas (dos tópicos do amor cortés, da de amigo, etc.)
 - Ataques entre poetas: polas pretensións de ascenso dos xogares, sobre as súas cualidades como poetas, ou por incumprir o código de amor cortés.
- **Sátira política e histórica:** sátira contra determinados feitos históricos concretos onde se critica a covardía dalgúns vasalos.